



CONCELLO DA CAPELA
As Neves, 46-A • 15613 A Capela
Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371
E. electrónico: correo@concellodacapela.es Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 22 DE DECEMBRO DE 2016

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente:</p> <p>D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS:</p> <p>D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO</p> <p>D.^a MARÍA IBERA TEIJEIRO SANJUAN</p> <p>D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN</p> <p>D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES</p> <p>D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ</p> <p>D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN</p> <p>D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO:</p> <p>D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>Por motivos de forza maior a sesión realizouse na Biblioteca Municipal (Edificio de Servizos Múltiples), dada a inundación por obras na cuberta da Casa do Concello. Sendo as 10:00 Horas do día xoves 22 de decembro de 2016, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, Manuel Meizoso López, reúnense os Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión Extraordinaria convocada para o día de hoxe.</p> <p>Non asiste á sesión o Sr. Concelleiro D. Marcos Rodríguez Calvo.</p>
---	---

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 2 DE DECEMBRO DE 2016

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data 2 de decembro de dous mil dezáseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es Web: www.concellodacapela.es

2. RECURSO DE IMPUGNACIÓN (REPOSICIÓN) INTERPOSTO POLA EMPRESA "TU MAYOR AMIGO, S.L.", CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DEPENDENCIA". APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente remítese ao xa manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno, no sentido de que interposta impugnación que debe de entenderse recurso de reposición polo representante da empresa "Tu mayor amigo, S.L. " en data vintecinco de novembro de dous mil dezáseis, con número de rexistro de entrada 1071, contra o Prego de cláusulas administrativas particulares e documentación que rexe a licitación e contratación polo sistema de procedemento aberto do servizo denominado "Servizo de Axuda no Fogar, modalidade Dependencia no Concello da Capela" e en especial contra o anexo V do mencionado Prego que contén a relación de persoal a subrogar, que segundo a empresa recorrente non é real.

Pola Alcaldía-Presidencia por medio da resolución número 336/2016 do 1 de decembro, solicitouse á empresa adxudicataria do servizo que se ratificase nos datos facilitados para elaborar o anexo V do Prego que comprende o persoal a subrogar ou ben de haber erros que se poñan de manifesto expresamente para que o Concello comprobe e elabore un novo anexo do persoal a subrogar.

Pola empresa adxudicataria do Servizo, Virxe do Carme, Servizos Sociais, S.L. notifícase ao concello por medio de escrito do día nove de decembro de dous mil dezáseis, con rexistro de entrada 1133, a existencia de erros materiais no escrito presentado no Concello o día trinta e un de outubro de dous mil dezáseis.

Á vista do anterior dí o Sr. Alcalde-Presidente que procede modificar o prego no que respecta ao anexo V, relación de persoal a subrogar e a petición do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, tramitar o expediente con carácter ordinario.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es Web: www.concellodacapela.es

Polo voceiro suplente do Grupo Municipal de AIAC, D. David Rodríguez Sanmartín, dise que se remite ao xa manifestado polo seu grupo na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e que en todo caso se debe estimar o recurso.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que a relación do persoal a subrogar, foi un problema de control por parte do Concello, en todo caso polo equipo de goberno, ben está rectificar, pero perdeuse un mes nesta licitación e contratación, polo que solicita ao equipo de goberno un pouco máis de control nestes asuntos, anuncia o seu voto favorable á proposta da Alcaldía.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (7 votos a favor dos Sres./Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G – PSOE e Mixto – PP e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º Admitir a trámite o recurso de impugnación (reposición) presentado pola empresa TU MAYOR AMIGO, S.L, en data 25 de novembro de 2016 con número de rexistro de entrada 1071 contra o Prego de cláusulas administrativas particulares e a súa documentación aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizado o día 11 de novembro de 2016.

2º Estimar o recurso de impugnación (reposición) presentado pola empresa TU MAYOR AMIGO, S.L., no sentido de modificar o anexo V do Prego de cláusulas administrativas particulares que se refire ó persoal a subrogar de acordo coa información rectificada pola empresa adxudicataria do servizo VIRXE DO CARME SERVICIOS SOCIAIS, S.L. e remitida ó Concello por medio de escrito de data 9 de decembro de 2016.

3º Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas coa modificación prevista no apartado anterior; asimismo vista a proposta presentada na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy a tramitación da licitación e contratación deste servizo terá carácter ordinario.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es Web: www.concellodacapela.es

4º Anunciar de novo a licitación e contratación do Servizo denominado "Servizo de axuda no fogar modalidade dependencia do Concello da Capela".

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e cinco minutos, de todo cal, eu Secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 20 .6 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz